

A LOLA

*Al fondo del espejo
Verás, cuando seas viejo*

...

*La entera historia
Que habita en tu memoria*

FELIX GRANDE

La historia oficial no la escribe la memoria sino el olvido.

EDUARDO GALEANO

Sinopse

“A historia oficial non a escribe a memoria, senón o olvido” E. Galeano.

A quen lles foi máis mal nos anos do terror franquista, aos homes asasinados ou as súas esposas que sobreviviron? Pode ser a vida peor do que é a morte?

Lola, espectáculo que **AvelaíñaTeatro** pronto presentará en cartel, pretende responder esa pregunta, botar unhas faragullas de pólvora na fogueira da **memoria histórica** e facerse eco de tantas voces que están a romper o silencio con berros de xustiza.

Lola, baseada nos textos de **Pepe Álvarez e Montse Fajardo** e xestada nas tertulias do Saudade, ao calor do tinto e das *zocas decocha yuyo* e outras larpeiradas de **Rosana**, quere ser unha mazá máis no cesto das Evas condenadas polo **Poder** a unha vida arrastrada.

PERSONAXES:

- Xosé Álvarez DAVID – Mestre.
- Pilar Pérez LOLA – Muller de David.
- Xosé Álvarez DAVID -Fillo de Lola e David.
- Miguel A.Martín DON CELESTINO – Crego.
- Xulio Leal DON SANTIAGO – Xefe Local do Movemento.
- Manuel Ayán DON FEDERICO – Capitán da Garda Civil.
- Xosé Álvarez DON RAMÓN SALGUEIRO - Xefe de abastecementos e transportes.
- Mº José Pérez DONA ELVIRA – Muller de don Santiago. Xefa da Sección feminina.
- Amparo Urtaza TERESA -- Filla de don Santiago e dona Elvira.

1. *(Casa de Santiago e de Elvira. Ano 1965)*
2. Está soando "MIS MANOS EN TU CINTURA"

Presentación : Teresa e David

Corre o ano de 1965. Elvira está a programar os campamentos e colonias de saúde, retiro e descanso da Sección Feminina da Falanxe. Teresa chega de París .Cuarto de estar: Retratos da época. Está a escoitar Radio Nacional de España:

CUANDO ENTRA ELVIRA, E VAI A RADIO POÑER "CUÑAS"

*Están a sintonizar el programa **Católicas y Patrióticas** de R.N.E. Les habla el padre García, asesor religioso de la Sección Feminina. "Queridos oyentes: La juventud anda desorientada. El hippismo, la beatlemania y el yeyismo son los signos de los nuevos tiempos. Se está poniendo de moda eso que llaman feminismo. El feminismo, queridos oyentes, el feminismo cuestiona la autoridad divina, atenta contra la ley eterna y destruye la sociedad. Porque la base de la sociedad es la familia y el cabeza de familia es el varón y la autoridad familiar el padre. No le viene al padre la autoridad de su superioridad física, intelectual, social o económica. Le proviene directamente de Dios. La madre recibe la autoridad por la participación en la del esposo. Por tanto la mujer le debe al marido sumisión y obediencia."*

(Entra Teresa, vestida conforme á moda de París e saúdanse con unha aperta longa. Sepáranse collidas das mans e cos brazos estirados e miranse.)

ELVIRA: Teresa... !

TERESA: Mamá... !

ELVIRA: Filla!... Que ganas tiña de te ver!

TERESA: Que ben te encontro, mamá!

ELVIRA: Estou ben. Si, estou ben. Non me queixo... E ti, como estás?

TERESA: Eu ben! *(Dá unha volta de exhibición)* Moi ben!

ELVIRA: Adelgazaches... estás nos ósos... Comes ben?

TERESA: En que estás a enredar, mamá?

ELVIRA: No de sempre, filla, no de sempre... Veñen as vacacións... Campamentos e colonias... Coros e danzas... Un simparar...

TERESA: Tráioche un agasallo (*Dálle o paquete*).

ELVIRA: Que é? (*Abre o paquete*) Libros!

TERESA: O último sobre a muller.

ELVIRA: Estou ao día. Non vaias pensar... Teño os documentos do Concilio.

TERESA: Son libros escritos por mulleres.

ELVIRA: Vai, vai... As nosas cabezas non che están para esas cousas.

TERESA: Por Deus, mamá... Tes que vir comigo a París.

ELVIRA: Quita, quita!... París non é un bo lugar para as mulleres.

TERESA: O mellor, mamá, o mellor. París é o mundo enteiro.

ELVIRA: (*Colle un, mira o título*) "El Segundo Sexo"... (*Santígase*) Quita, quita!

TERESA: Non é o que parece... Vai de Filosofía.

ELVIRA: Renegado sexa o diaño... Estás botada a perder!. Non, Teresa... tanto ler, non... Quen gusta de casar cunha intelectual? Iso déixao para eles... Para ti, mellor isto (*entrégalle un rosario*). E isto tamén (*dálle un devocionario*)

2

SANTIAGO: (*Entra*) Que sorpresa!

ELVIRA: (*Levántase, quítalle a chaqueta e vístelle a bata de casa*) Queres beber algo?

TERESA: Ola, papá. (*Dálle beixos e faille cariños*)

SANTIAGO: (*Rise compracido*) Que guapa está a miña nena!

ELVIRA: Tráioche un vaso de auga fresca?

SANTIAGO: Non. Auga non. Un Felipe II non me caería mal. (*Teresa segue a darlle cariños. El sorrí compracido*) Que me vas pedir?

TERESA: Nada, papá... Non che vou pedir nada.

SANTIAGO: Algo me di que si. (*Teresa sorrí e segue cos mimos*) Filla, es a meniña dos meus ollos, que queres?

TERESA: Papá...! Que xa non son unha nena!

SANTIAGO: Ti es a miña nena... Sempre serás a miña nena.

ELVIRA: Si, ti sempre vas ser a nosa boneca.

TERESA: (*Deixa os cariños e con algo de rabia*) Non quero que me chamedes boneca!

SANTIAGO: Como me encanta a miña nena cando se enfada! Cómo presumo de filla!... Canto me envexan os amigos! (*Béixaa con cariño*).

TERESA: Quero dicirvos...

SANTIAGO: Espera. A ver se o adiviño... que necesitas diñeiro!... Para iso traballei toda a vida. Canto?

TERESA: Non, non é iso.

SANTIAGO: Queres un coche. Un Simca 1000?

TERESA: Non. Non quero un Simca 1000. *(Silencio)* Vou casar. *(Silencio)* Xa está dito.

SANTIAGO: *(Sorprendido)* Xa, claro. Non me gusta meterme niso... Pero en canto Ernesto non gañe a oposición... O matrimonio podería ser un enredo para el.

TERESA: Papá, ti non o entendes.

SANTIAGO: Que é o que hai que entender?

TERESA: Que non é Ernesto.

SANTIAGO: Que!?

TERESA: Eu a Ernesto téñolle estima, pero non o amo.

SANTIAGO: Mellor!... Ese é o punto óptimo. Se o amases, iso sería un atranco.

TERESA: Que o amase, un atranco?

ELVIRA: Que saberás ti do que importa na vida dunha muller!

SANTIAGO: Elvira, calada estás máis guapa... *(A Teresa)* Mira, boneca, os trastornos de amor son arrebatos efémeros.

TERESA: Non me chames boneca!... Non o soporto!

SANTIAGO: Mira, filla... as cousas de interese hai que decidilas en frío. Non ves que o matrimonio é para toda a vida? Imos deixar que o tempo arrefría estas cousas.

TERESA: Non papá. Non imos deixar nin imos decidir. Decido eu. Xa decidín.

SANTIAGO: Filla, non mires para ti. A paixón ofúscate. Mírate no noso espello... a túa nai e máis a min nunca nos arrastrou a paixón.

TERESA: Mamá...?

ELVIRA: Nunca... Nunca fomos dominados por esa paixón.

SANTIAGO: *(A Elvira)* Non me interrompas cando estou a falar! *(A Teresa)* Casamos porque así conviña... E aquí estamos: un matrimonio para toda a vida... As aventuras do amor, que sempre as hai, non nos turban, por non estarmos afectados pola demencia.

TERESA: Pero, papá!... Mamá, non tes nada que dicir?

ELVIRA: Filla... Somos unha familia cristiá ... Unha familia española.

SANTIAGO: Ti estás ben instruída. Debes comprendelo.

TERESA: Comprender o que?

SANTIAGO: Que os matrimonios que se fan por amor duran pouco e rematan mal, coño!

TERESA: Como podes pensar así?

SANTIAGO: Non tes ollos na cara?... Non ves o que pasa?... Un gran amor remata sempre, escoita ben, sempre nunha grande traxedia.

ELVIRA: Como ese crime da Coruña. Que barbaridade!

SANTIAGO: (*A Elvira*) Queres deixar de dicir parvadas?

TERESA: Papá, es un monstro!

SANTIAGO: Son realista. Observa os príncipes Xoán Carlos e Sofía... que ves neles, a paixón amorosa ou a decisión de Franco? Compáraos con Marilyn e Arthur Miller. Mira o que lles durou. Unha febre de outono. Pensa coa cabeza fría.

TERESA: Ti casaches pola Igrexa.

SANTIAGO: As cousas hainas que facer como Deus manda. Mira... nunca che fun tan sincero. Cando as cousas son serias hai que falar claro. E as decisións importantes, en frío.

TERESA: Pola Igrexa!

SANTIAGO: E se afectan á propia filla, con máis fundamento.

TERESA: Na Catedral!

SANTIAGO: O mesmo bispo solemnizou a cerimonia.

TERESA: E sen estar namorado!

SANTIAGO: Como ten que ser... en frío.

TERESA: (*Ironía*) O Santo Sacramento do matrimonio!

SANTIAGO: A pregunta que me fixeron foi se quería a Elvira por esposa. Non me preguntaron se estaba namorado. E non nos declarou amantes senón marido é muller... deica a morte!. Non sei que collóns de papoxadas estudaches nin que carallo de paxaros tes metidos na cabeza!. Porque iso na casa non o viches nin o aprendiches... E non sigas, queme estás a sacar o xenio!

ELVIRA: Nena, é como di teu pai.

TERESA: Pois, nós querémonos e por iso decidimos casar.

SANTIAGO: Cando o Ernesto gañe a praza, casarás con el, tal como temos acordado. Xa eu untarei por detrás ao presidente do tribunal para que o Ernesto se faga un home de proveito, listo para fundar e sacar a diante unha familia. As nosas relacións cos Salgueiro veñen de non hai moito, pero deben durar.

TERESA: Son eu quen vai casar! Eu, en singular. Non nós en plural.

SANTIAGO: Non es ti en singular, non. Somos todos.

TERESA: Todos?... Papá, a ti chóveche no minarete!

SANTIAGO: É así, todos tiramos do mesmo carro.

TERESA: De que carro me estás a falar?

SANTIAGO: Do da familia... virán os netos! Os herdeiros da nosas casas. Polas súas veas correrá o meu sangue, mesturado co sangue dos Salgueiro. Unha familia, Teresa, unha familia non pode ser o resultado dunha febre estacional. A familia é o lugar dunha casta no correr do tempo. Pode ser efémera ou inmortal. E iso depende de cada matrimonio. Agora mesmo, a miña depende do teu. *(Silencio)* A miña liñaxe está nas túas mans. Decátaste da importancia?

TERESA: Papá!...Que agora as cousas non van así!

SANTIAGO: Filla, hai cousas que non poden mudar nunca! *(Silencio)* Esquécete del. O teu matrimonio está fechado cos Salgueiro. O teu marido será Ernesto.

TERESA: O David! O meu marido será o David!

SANTIAGO: O David da Lola?

TERESAS: Si, o David da Lola?

SANTIAGO: Ese morto de fame?

TERESA: Si. Ese morto de fame.

SANTIAGO: Carne de canón!

TERESA: Si, carne de canón... comunista, masón, liberal, contubérnico e culpable da pertinaz sequía... Non che parecen méritos dabondo?

SANTIAGO: Non cho consinto.

TERESA: Non che pedín o teu consentimento!

SANTIAGO: *(Saca a pistola e exhibea)* Antes métolle un tiro.

TERESA: Como ao seu pai!

SANTIAGO: *(Berra excitado)* Como a un can! *(Sae)*

(Teresa fai sinais de perplexidade e sae detrás)

ELVIRA: *(Prepara unha cesta con teas para a costureira. Monologa)* Os fillos!... *(Bota as mans á cabeza)* Vaime rebentar!... Non hai quen a torza... Falta o respeito e así nos vai... A mocidade está botada a perder!... Tanto hippismo e tanto ye-ye... Ai, miña cabeza!... Eu xa non quería que fose a universidade... E mira, a París!... A min... Como se falara unha zoca...

3. (Casa de Elvira.)

LOLA: (*Entra*) Veño polas teas.

ELVIRA: (*Entrégalle o lenzo*) Toma. Eu teño que me ir. (*Saíndo*) Non te descoides. Están encima os festivais de Coros e Danzas.

LOLA: Agora mesmo me poño cos patróns.

MARCHA ELVIRA E LOLA PRENDE A RADIO

(*Sintoniza a radio Pierenáica. Está a emitir a canción “Yo no soy esa” de Maritrini.*

Dálle a volta aos cadros e pasa a ser a casa da LOLA.)

TERESA: (*Entra cantando o retrouso*) Esa niña si, no. Esa...

LOLA: Teresa! Teresa! (*Pousa todo. Sae ao encontro. Abrázanse*)

TERESA: Lola!... Lola! ...

LOLA: Que sorpresa!

TERESA: Acabo de chegar. En canto pasei polo aseo...

LOLA: Non imaxinas como me choca verte tan moza!... Aínda foi onte cando fixeches a Primeira Comuñón Traerás moito que contar ...

TERESA: (*Ri con simpatía*) Cando haxa vagar. Só unha escapada para saudarte.

LOLA: Prométeme que volverás pronto. Teño ansia de saber cousas de París.

TERESA: Lola, que estás a coser?

LOLA: Encargos da túa nai... Unha chea de pololos.

TERESA: Vouche pedir un favor. Non mo podes negar.

LOLA: Pódome negar a todo. Xa os fillos non precisan de min.

TERESA: Pódeste negar a todo, pero non a min.

LOLA: (*Risas*) Que lianta es!... Que elegante! Vas ser a envexa das nenas topolino.

TERESA: Tráioche teas e patróns para que fagas un vestido para ti e outro para min. O negro séntache ben, pero... as mulleres gustamos de mudar... Tamén de cores e de estilos...

LOLA: Pensareino. Para ti, dáo por feito.

TERESA: Son para unha voda.

LOLA: Nunca vas falar con sentido?

TERESA: Eu son a noiva e ti, a madriña. (*Sae cantando o retrouso*)

LOLA: (*Quédaa mirando e xesticula coa cabeza*)... Xuventude, divina loucura...!

Yo no
soy esa

4.

DAVID: *(Entra, pousa a mochila e abraza a nai)* Mamá!

LOLA: David, fillo!

DAVID: Como estás mamá?

LOLA: Acabada, fillo, acabada!

DAVID: A ver se agora te vas facer churimiqueira. Vécote ben. Moi ben.

LOLA: Son moitos os anos e moitas as calamidades. *(Silencio)* E ti, Daviciño?... Estás ben?... Non tes boa cor! ... Estás amarelo... Comes ben?... Que mal amañado andas!... Pareces un carneiro... Co elegante que era teu pai!... Non había mozo como el en toda a redonda! Corta esas guedellas e afeita esas barbas!

DAVID: Estou ben. *(ironía)* Teño os pés quentes e a barriga farta...

LOLA: Anda, non me tomes o pelo. Cando has falar en serio?.

(Pausa)

DAVID: Si. Algo teño que contarche.

LOLA: Ai, meu Daviciño, fala dunha vez!

DAVID: Vou casar. *(Silencio)* Vou casar coa Teresa.

LOLA: Coa Teresa?

DAVID: Coa Teresa.

LOLA: Aviseite... Cantas veces te teño avisado!... Respeita a Teresa... Respeita a Teresa!

DAVID: Só vou casar.

LOLA: Só vas casar coa Teresa...!

DAVID: Si, só vou casar coa Teresa!... A poligamia non...

LOLA: Mira que non hai mulleres no mundo!?... E ten que ser coa Teresa!... Ti, o meu David, coa Teresa!

DAVID: Pensei que o ías celebrar... E mira que número me montas!

LOLA: Está preñada?

DAVID: Non. Non está preñada.

LOLA: Pois, de ningunha maneira!

DAVID: Ela non ten a culpa.

LOLA: E témola nós?... A ver!... Dime... témola nós?

DAVID: Non, mamá, nós tampouco.

LOLA: Pois saca esa muller da cabeza!

DAVID: Si, como se fose un piollo!... Se a tivese só na cabeza... Pero téñoa aquí, no corazón... Non podo nin quero quitála!

LOLA: Tamén o teu pai está aquí (*Peta coa man dereita no corazón*). E ben enraizado. E tamén ti queres mallar nel? Serás quen de facernos iso ao teu pai e a min?

DAVID: E que vos fago a vós? É a miña voda, non a vosa.

LOLA: Onde está o límite das miñas desgrazas? Xa pensei que nada peor me podería pasar neste maldito mundo!... E mira, mira!... Aínda quedaba isto!... E que sexas ti!... O meu fillo!

DAVID: Hosstiaaaa, mamá, non me veñas con iso. É unha chantaxe ruín!

LOLA: Iso non llo fagas ti ao teu pai. Débeslle un respeito.

DAVID: O meu pai matárono. Si. Matárono os falanxistas. Non o matou Teresa, que aínda non nacera. Agora descansa en paz. Xa está!

LOLA: Non. Non está! Como vai descansar en paz, soterrado como un can? E nós, como imos nós vivir en paz con el así? Non está! Non! Non está!

DAVID: Ben sabes que Teresa non é culpable.

LOLA: Polo que máis queiras, David, polo que máis queiras: non me mentes a Teresa!

DAVID: Que mal che fixo a Teresa?

LOLA: A Teresa é filla de quen é.

DAVID: E ese é o problema?

LOLA: Si, ese é o problema.

DAVID: O seu pai?

LOLA: O seu pai, si, o seu pai. O seu pai e máis a súa nai!

DAVID: O pai... Entendo que odies ao pai... Pero a nai... nin fu nin fa.

LOLA: Que saberás ti!?

DAVID: Non me veñas con esas! Cando non queres falar sempre vés co mesmo retrouso: "que saberás ti? Que saberás ti?" Xa non son un crío! E tamén eu as pasei putas... Pasei frío, pasei fame, andei de criado, fun desprezado e humillado, tiven que estudar de noite e por libre... E todo por ser fillo del. Xa van anos de abondo para ir esquecendo.

LOLA: Nunca haberá tempo dabondo para me esquecer do meu David, tan cruelmente asasinado.

DAVID: Hai que perdoar.

LOLA: Ai sí? E quen pediu perdón? (*Pausa*) E quen son eu para perdoar por

outros?... Quéresme facer cómplice dos asasinos? Poden perdoar os mortos?... Como podo perdoar eu o que é imperdoable?

DAVID: Tes que perdoar por ti... para ter sosego.

LOLA: A min non me sosega o perdón... Quero a vinganza!

DAVID: Esquéceo dunha puta vez!

LOLA: Esquece ti a Teresa.

DAVID: Mamá, vou casar con Teresa!

LOLA: Este corazón non o poderá soportar. *(Pausa)* A noite que o asasinaron... Como me mataron a min coa súa morte!... Despois, o silencio!... Son un cadáver!... En canto eu alente o seu esquecemento será imposible... Só a vinganza me devolverá o sono... Eu esperaba que foses ti...

DAVID: Eu non lles teño odio.

LOLA: O odio move o mundo! *(Pausa)* A voda non se fará nunca. Don Santiago non vai tolerar que Teresa case contigo.

DAVID: Teresa vai casar comigo.

LOLA: As humillacións que tiveren que soportar! Fillo, mira as miñas mans! Ves como están? De lavar a roupa no río xeadado, de rañar os chans con lixivia, de bourar e bourar a arreo, de poñer o cu, e que che dean ata se encheren. Eu, escrava dos asasinos, arrastrada na miseria, mentres eles celebraban con festíns os cabodanos do crime.

DAVID: Veña, mamá, que xa mudaron as cousas. Muda ti tamén.

LOLA: Aquela madrugada, cando oín os tiros que o mataron, mudei nun animal asustado... E o que veu despois foi peor do que temía... Moito peor!

DAVID: Teño dereito a que mo contes todo. Tamén é a miña vida.

LOLA: Fillo non te eduquei no perdón, senón na xustiza. Nin te eduquei para a escravitude senón na dignidade. Iso era o que repetía teu pai: xustiza e dignidade. Iso foi polo que o mataron... por andar polos camiños das estrelas.

DAVID: Poñeremos ao papá no lugar que merece. Prométocho. *(Sae)*

LOLA: *(Monologa)* Que vida a miña!... Que vida a miña!... Silencio, si, silencio... Cantas veces, no silencio, teño limpado o noso sangue vermello das súas camisas azuis!... Cantas veces, nun silencio de bágoas, teño bordado as cinco frechas nas bandeiras que eles ían abanear nas celebracións da nosa caída!... Cantas veces, en silencio, desexei a morte... pero a morte era algo que eu non me podía permitir...

5.

(Entra Teresa. Abrázase a Lola. Rompen a chorar as dúas)

TERESA: Lola, ti non... Ti, Lola, non nos podes fallar!

LOLA: ... Pois, xa o sabes.

TERESA: Lola, de muller a muller... Hai algo máis.

LOLA: Por que o dis?

TERESA: Intuición feminina...

LOLA: Si, Teresa, hai máis cousas... cousas que o mellor é calalas.

TERESA: Xa non podes, Lola. Xa non...

LOLA: Polo voso ben.

TERESA: Nós non queremos o noso ben. Queremos a nosa verdade.

LOLA: A verdade é un coitelo afiado.

TERESA: Lola, dáme ese coitelo.

LOLA: Teresa, non xogues co lume...

TERESA: O lume, Lola, o lume xa corre a fío polas miñas veas.

LOLA: Ai, Teresa... Non me coñeces a min nin te coñeces a ti!

TERESA: Por iso, Lola, por iso necesito toda a verdade!

LOLA: Pois, atente ás consecuencias.

TERESA: Celebrarás connosco a voda. *(Sae)*

LOLA: Como se torceron as cousas, David, como se torceron!... Non, non olvido. Non olvido, non... Teño todo gardado *(sinála a co dedo a fronte)* aquí e *(sinála o corazón)* aquí. Téño todo gardado: o teu asasinato, a miña soedade, os tormentos... Todo amargura, todo escuridade e todo silencio... agás os gorxeríos dos corvos a escarnizaren nos ósos... Xa non teño medo... Xa non teño medo de vivir... Xa non teño medo de morrer... Xa ninguén me precisa, David... Xa ninguén me precisa... Só ti, David. Só ti precisas de min para que tome vinganza... E teño sede, David, teño sede, sede de vinganza... Mira, David, mira os asasinados. Mira os traidores. Aí os tes. Agora heroes. Agora patriotas... Eles montaron a súa timba de terror e chamáronlle a o seu xogo Santa Cruzada.

6. *(Casa do pobo. Ano 1935)*

(Conforme David PON O CARTEL DO ANO, VAISE SENTINDO O SON DA INTERNACIONAL. Coloca, presidindo a estancia, o cartel da CASA do POBO).

DON CELESTINO: *(BAIXAR MÚSICA)* Parabéns, David.

De todo corazón, parabéns.

DAVID: Grazas. Don Celestino. *(Ofrécelle unha copa).*

DON CELESTINO: *(Cóllea, botalle un grolo)* Vexo que o celebras.

DAVID: Celebro, celebro. E non o ía celebrar?

DON CELESTINO: Ter... tes motivo... Un bo motivo.

DAVID: Teño, teño. O mellor... O mellor.

(Pausa)

DON CELESTINO: Un fillo... Un fillo, David, é un agasallo de Deus.

DAVID: Da vida, don Celestino. Un agasallo da vida. Da vida que evoluciona .

DON CELESTINO: Dálle grazas a Deus, fonte de vida.

DAVID: Non, don Celestino, non. A Deus non lle teño que agradecer. *(Pausa)* Os agasallos que Deus nos fai aos proletarios ben podía repartilos cos burgueses.

DON CELESTINO: A pobreza e o traballo son virtudes, David, virtudes.

DAVID: Non, don Celestino, non. A pobreza e o traballo son calamidades.

DON CELESTINO: Virtudes, David, virtudes que decoran a alma.

DAVID: A pobreza, don Celestino, a pobreza é unha desgraza, que ninguén quere para si... e vostede, vostede, tampouco. *(Pausa)* E o traballo?... O traballo é a escravitude dos pobres e a liberdade dos ricos... Iso é o traballo.

DON CELESTINO: Os grandes santos foron pobres e traballadores.

DAVID: Vostede, don Celestino, vostede fala ben. Si señor, fala moi ben. E aínda vive mellor... vive sen pobreza e sen traballo... Aconsella para os demais o que para vostede non quere. *(Rise irónicamente) ...*

DON CELESTINO: Eu nin teño riquezas nin envexo aos ricos. Os ricos non entrarán no reino dos ceos... Dío o evanxeo, non o digo eu.

DAVID: *(Ri con ironía)* Non entrarán, non... xa están nel. E non o digo eu, que ben á

vista está. Tampouco os pobres entrarán na república do inferno. Xa están dentro. O ceo e o inferno están aquí.

(Silencio)

DON CELESTINO: *(Ponlle no ombreiro a man protectora)* David, fillo...

DAVID: *(Sacódea)* Non me chame fillo!... Non o son.

DON CELESTINO: Dígoo no sentido espiritual, home.

DAVID: O meu espírito é libre.

DON CELESTINO: Todos somos fillos de Deus, e eu, o seu humilde pastor.

DAVID: Pastor, pastor... Aquí nin pastores nin ovellas... Cidadáns libres e iguais... Xa coñece o dito: "pobo de ovellas, goberno de lobos". *(Pausa)* A min non me meta no seu curral... Nin aos meus tampouco.

DON CELESTINO: David, ti es mestre, ti tes moito aquel entre a mocidade... Debes ordenar a túa vida, casar con esa muller, coa que vives, bautizar as túas fillas e fundar unha familia como Deus manda.

DAVID: Mire, don Celestino, somos persoas libres e libre é o noso compromiso. A decencia está en respectarse e cumprir os compromisos, non en facelos conforme aos seus códigos nin en rexistralos nos libros de seu negociado.

DON CELESTINO: Un sacramento, David. O vínculo matrimonial é un santo sacramento.

DAVID: Dígame, Don Celestino, se o matrimonio é tan bo, porque non casa vostede?

DON CELESTINO: O celibato... Os votos... Ti iso non o queres entender.

DAVID: Tampouco vostede o quere practicar... como o cuco, a brincar nos niños alleos.

DON CELESTINO: *(Violento)* Mira, David, a iso non che vou responder... A min ensináronme a calar... Pero debo advertirche que fóra da Igrexa non hai salvación. Extra ecclesia, nula salus

DAVID: Pois, polo que a min toca, pode ir fechando a franquicia do Vaticano. A min non me vai vender o seu opio.

DON CELESTINO: Ti condénate, se así o desexas. Pero as túas fillas debes bautizalas.

DAVID: Estame a facer unha proposta obscena.

DON CELESTINO: (*Irado*) Iso non cho podo consentir. Retira o dito.

DAVID: Mantéño con puntos e comas.

DON CELESTINO: As criaturas poden morrer sen bautismo pola culpa túa. Ti serías o responsable da súa eterna desventura.

DAVID: A nena acaba de nacer e xa quere facer negocio coa súa morte?... Hai que ter collóns!

DON CELESTINO: Es da peor caste... Négaslle o bautismo ás túas fillas!

DAVID: Ofrézolle a liberdade de conciencia!

DON CELESTINO: Non tes dereito!

DAVID: (*Silencio tenso*) Se houberse unha lei de protección do menor, eses rituais estarían penados, a Igrexa prohibida e vostede na cadea.

DON CELESTINO: Es responsable desta peste social que estamos a padecer. Así vai o mundo... Así vai! (*Silencio*) O bautismo é un dereito.

DAVID: Un crime!... O bautismo é un crime! Abur, don Celestino. (*Sae*)

DON CELESTINO: Vas por mal camiño, David (~~*Mentres Celestino soliloquia, o son da Internacional vaise afastando e a luz escurecendo*~~) Vas por mal camiño... afastado da mensaxe da salvación... obstinado en inxuriar a Orde Sacerdotal e en opoñerte ao Maxisterio da Santa Igrexa... (*Soa o Cara al Sol, increcendo*) Pois coas túas idea de liberdade e igualdade quebrantas a orde social, coas tuas ideas de ensinanza laica e gratuíta quebrantas a nosa tradición, Vas mal, David.. Vas moi mal... E quen mal anda, David, quen mal anda, mal acaba.

Soa
"Cara el
Sol"

7. *(Local da falanxe)*

SANTIAGO: *(Entra. Fai o saúdo falanxista)* Arriba España!

DON CELESTINO: *(Responde ao saúdo)* Viva Franco! Arriba España!

SANTIAGO: Ás túas ordes, páter.

DON CELESTINO: Sen novidade, Santiago.

(Entran Don Federico e Don Ramón)

FEDERICO: *(Saúdo falanxista)* Viva Franco.

RAMÓN: Arriba España.

(Don Celestino e Don Santiago responden ao saúdo. Sentan os catro)

SANTIAGO: Fermoso día, Pater. Fermoso día.

RAMÓN: *(Servindo coñac)* Desde o Glorioso Alzamento, todos os días son fermosos.

RAMÓN: *(Ofrece unha botella de coñac Felipe II)* Para animar a partida.

FEDERICO: *(Colle a botella)* Felipe II... A mellor España imperial.

(Pausa)

DON CELESTINO: Estaba a recordar un encontro que tiveron co David, o mestre... un elemento de coidado!

SANTIAGO: Dos que nos obrigan a ter que tomar medidas.

DON CELESTINO: Polas súas mans pasan os peores libros, da súa cabeza saen as peores ideas...

SANTIAGO: Esta vai ser a cultura da Nova España... o libro de Heraclio Fournier... nin lugar sen taberna, nin taberna sen unha baralla.

DON CELESTINO: Nin parroquia sen pastor nin familia sen rosario.

SANTIAGO: Trunfan espadas... Cada día unha vitoria.

TODOS: *(Cantando)* Arriba escuadras a vencer, que en España empieza a amanecer!

FEDERICO: *(Brinda)* Polo novo imperio!

(Os catro firmes e con saúdo fascista)

TODOS: Arriba España!

DON CELESTINO: Arrastro... O ás de espadas.

FEDERICO: Asisto ás espadas.

RAMÓN: Eu tamén asisto ... A espada é o meu pau.

SANTIAGO: O catro... Palla. Queda moita chusma.

DON CELESTINO: (*Recolle a baza e conta*) Desta volta caeron poucos.

RAMÓN: As corenta! Anote, Páter. As corenta!

DON CELESTINO: Nós, coas espadas, estamos a cantarlles as corenta.

RAMÓN: E cos outros paus tamén... E as que nos quedan por cantar!

DON CELESTINO: Hai moitas mazás podres achicadas no montón. Unha carta baixa para levantar tantos.

FEDERICO: Mato!... Á hora de matar non me achico. Fechar os ollos e botarlle collóns... España precisa homes de collóns.

DON CELESTINO: E de fe, Federico, e de fe. A Igrexa tamén xoga.

FEDERICO: Hai que ter collóns grandes. Como Franco.

RAMÓN: E o pulso firme...

SANTIAGO: Que non trema no gatillo... O cabalo, que son tantos. (*Recolle a baza*)

DON CELESTINO: Nin no hisopo.

SANTIAGO: España precisa un bautismo de sangue, páter. Xoga Federico.

FEDERICO: Ralea antipatriótica... O rei!

RAMÓN: Cabrón! Levantaches brisca. O tres!

FEDERICO: Hai que saber xogar... coas túas e coas deles.

SANTIAGO: E levar a conta dos que van fóra e dos que quedan... Bo encarte... Mato de ás.

DON CELESTINO: (*Remexe as cartas.*) Fallo!

SANTIAGO: Nesta xogada non falla nin Deus... Quen faga renuncio (*fai coa man sinal de apertar o gatillo*) vai á cuneta.

DON CELESTINO: Era de risas... Toma, a sota. Que a ti as sotas vanche ben.

RAMÓN: (*Mirando a Celestino*) Algúns cando lles apuntas, cáganse.

FEDERICO: Outros desafían o pelotón!

RAMÓN: Eu tírolles aos guevos... unha gozada.

DON CELESTINO: Non hai mellor cuña que a da mesma madeira... precisamos delatores.

SANTIAGO: Eliminar sen miramentos!... Aquí ten que cagarse ata o luceiro da alba!

RAMÓN: Un tremedeiro. Ten que tremer o firmamento!...

FEDERICO: Que cheire a pólvora!... contra a peste roxa, pólvora e chumbo!

SANTIAGO: Un canalla na cuneta... un exemplo. Copas!

DON CELESTINO: *(Ergue a copa)* Hai que xogar con todos os paus. *(Silencio)* Miremos a Barca de Pedro... con tantos inimigos e triunfante no mundo!... Santo Pablo, o gran perseguidor, e san Agostiño, o gran fodedor... Os peores inimigos da Igrexa mudaron nos máis firmes fundadores... Un arrepenido é un tesouro!

FEDERICO: Un roxo converso pode valer un Potosí.

SANTIAGO: Eses resentidos nunca son afectos. Só cando se cagan delatan. Antes de secárselles a merda no cu, xa volven ás andadas. Hai que estouparlles a cabeza!

RAMÓN: Darlles café... Moito café.

FEDERICO: Con chumbo, con moito chumbo.

SANTIAGO: *(Poñéndose de pé progresivamente e facendo o saúdo)* Camaradas, **Arriba**, Falange, Española!

TODOS: Café!

(Sentan. Silencio)

FEDERICO: A nova España recende a testosterona e a macho!

DON CELESTINO: A nova España recende a cera, incienso e auga bendita... confesión!

SANTIAGO: Testosterona e auga bendita... Incienso e chumbo. A nova España, unidade de destino no universal!

(Silencio)

DON CELESTINO: Ofrecerlles o terror do inferno e a caridade de Deus. Como o noso patrón, o señor **SANTIAGO:** Cruz e Espada **Cantemos todos** *(Entoa o himno de Santiago. "Santo adalíz patrón de las Españas / Y amigo del Señor / Defiende a tus discípulos queridos / Protege a tu nación".*

SANTIAGO: Ou mortos ou confidentes!

DON CELESTINO: Hai que pensar ben as xogadas.

FEDERICO: Acción! É tempo de Acción!

RAMÓN: Ás súas ordes! *(Saca a pistola)* Está pronta!

SANTIAGO: O roxo.

RAMÓN: O David?

SANTIAGO: Si. O mestre!

RAMÓN: Está preso.

SANTIAGO: Vano vulgar. Temos que evitalo. Non hai fundamento para a pena de morte.

DON CELESTINO: Oílo, Ateo e amancebado.

SANTIAGO: Cadea perpetua.

RAMÓN: Comunista dos do puño fechado.

SANTIAGO: Traballos forzados.

FEDERICO: Un envelenador da alma popular. Fundou a sociedade *Estrella Vermella*. Os mozos ondearon a bandeira separatista polo territorio nacional.

SANTIAGO: Multa e incautación dos bens.

FEDERICO: Á cuneta con el!

SANTIAGO: Que as leiteiras veñan co recado...

DON CELESTINO: Imos gañando.

(Levántanse e retíranse)

Radio: Ya
hemos
pasao

8. *(Casa de Santiago e de Elvira. Ano 1940)*

***POÑEMOS O CHOTIS E ENTRA DONA ELVIRA,
FAI TROCOS, COLLE AS SÚAS COUSAS E CONECTA A RADIO CON
RUÍDO (CLIK)***

Radio
Nacional

*Están a sintonizar el programa **Católicas y Patrióticas** de Radio Nacional de España.*

Les habla el padre Francisco de la Compañía de Jesús.

“Queridos oyentes: la mujer española tiene la sublime vocación de madre. La madre es la construtora de las Patrias y los Imperios. La madre es la dueña de los destinos de las razas y de los pueblos. La mujer española tiene la transcendental misión de criar muchos hijos para Dios, para España y para la Falange”

SANTIAGO: *(Entra fatigado)* Veño esgotado.

ELVIRA: *(Levántase e fai o ritual de quitarlle a chaqueta, poñerlle a bata e mudarlle os zapatos polas zapatillas)* Senta e descansa. Tráioche algo fresco para beber? Que queres?

SANTIAGO: Non. Non quero nada. Conque andas?

ELVIRA: Estou a aquelar a roupiña do noso fillo.

SANTIAGO: Saca esa idea da cabeza!

ELVIRA: Para Deus non hai imposibles!

SANTIAGO: Pero para ti, si!

ELVIRA: Non, se Deus quere.

SANTIAGO: O imposible é imposible. *(Silencio)* Non veu a modista?

ELVIRA: Está mala.

SANTIAGO: Conto!... Esa calaña só sabe facer a maula.

ELVIRA: Anda en estado.

SANTIAGO: As roxas inzan como ratas.

ELVIRA: E con tres fillos que criar.

SANTIAGO: Pois máis non vai ter! ... Polo menos do David.

ELVIRA: Se puidésemos facernos con ese!...? Non seríamos os primeiros. *(Silencio)*
Eu ben quixera darche un fillo... pero...

SANTIAGO: Sen fillos a familia non é familia.

ELVIRA: *(Aproxímase garatuxeira)* Ben o sei... Estás preocupado?

SANTIAGO: Un case nada... si, estou. Non o nego. Os xefes... non paran con esa lideira.

ELVIRA: A familia numerosa.

SANTIAGO: O mesmo Caudillo... Claro, as baixas da guerra...

ELVIRA: Os ascensos... A túa carreira...

SANTIAGO: Complicado... sen fillos, téñoo complicado.

ELVIRA: E eu baleira!

SANTIAGO: O meu currículo sen descendencia, impresentable!

ELVIRA: E, Franco ten fillos?

SANTIAGO: Unha filla.

ELVIRA: Dis que non é del.

SANTIAGO: Se Franco di que é del, é del... e punto.

ELVIRA: Vai ti saber... !

SANTIAGO: É de Franco!

(Silencio)

ELVIRA: Tamén nós nos podemos facer cun fillo.

SANTIAGO: E dalle!... non me rompas a cabeza!

ELVIRA: ... A criatura da Lola.

SANTIAGO: A cría da costureira!?

ELVIRA: Pode ser nosa.

SANTIAGO: Facernos con ela?

ELVIRA: A que é boa idea?

SANTIAGO: A cría deses roxos?

ELVIRA: Ninguén o vai saber.

SANTIAGO: É roxa.

ELVIRA: Se nós dicimos que é azul, é azul.

SANTIAGO: Leva o mal no sangue.

ELVIRA: Saberémola educar.

SANTIAGO: Vaslle pedir peras ao carballo?.

ELVIRA: Ti contaráslle a guerra de Franco e eu a vida de José Antonio. Será cristián, español e falanxista.

SANTIAGO: Buscas a miña ruína?

ELVIRA: Quero darche unha familia. *(silencio)* Cando teñas no teu colo ese agasallo de Deus e che diga: “papá, cóntame outra vez a guerra de Franco”, caerache a baba.

SANTIAGO: Estás completamente trastornada!

ELVIRA: Téñocho todo pensado. O director do hospital é un bo amigo. Eu farei que a modista vaia dar a luz alí, ao hospital.

SANTIAGO: *(Con xesto de saír. Elvira ponlle os zapatos e lústrallos e vístelle a chaqueta e aquélalla)* Marcho. Éme moito hora. *(Saíndo)*. Se non levase a casta que leva!...

ELVIRA: É un acto de caridade. Somos cristiáns, non? Que crianza ía ter esa criatura?... Que corazón teríamos nós, se deixásemos desamparada esa bendición que Deus nos manda?

9.

LOLA: *(Entra. Ventre avultado)* Tráíolle os encargos.

ELVIRA: Ai, que ben!... déixaos aí.

LOLA: Próbeos. Se non están do seu gusto, doulle outra volta.

ELVIRA: Agora non teño o corpo para probas... E os fillos?

LOLA: Son nenas.

ELVIRA: Seino. É a maneira de falar. Tres, non é?

LOLA: Tres. Si. Tres.

ELVIRA: Parecen espelidos.

LOLA: Espelidas... Non lles queda outra.

ELVIRA: Tróuxenche uns vestidos para elas.

LOLA: Polo de agora teñen con que taparen os coiros.

ELVIRA: Unhas saíñas plisadas con xerseis a xogo.

LOLA: As nenas non poñen trapo que non cosa eu. Prometinllo a David.

(Silencio)

ELVIRA: Na reunión da S. Feminina fixeron chegar a min as queixas polas cores dos vestidos.

LOLA: As cores dos recortes. Ben sabe que é vostede quen escolle a tea da cor e textura que lle gusta. E como vostede, as demais. Quedáronme recortes de todas as cores. Das cores preferidas por vostede e polas súas camaradas... Son as que as nenas visten.

ELVIRA: O domingo leváchelas ao parque cun vestido vermello, amarelo e púrpura, as cores da bandeira da república.

LOLA: Pasei a noite cosendo retallos para que estreasen o Domingo de Ramos... Ese día hai que estrear algunha prenda... Tiña ilusión de que as vise o David. Negáronnos a visita e leveinas xogar ao parque.

ELVIRA: Tira eses vestidos. Poslle esta falda gris e esta blusiña coas flechas. Han quedar monas e ninguén se vai queixar.

LOLA: Non lle podo dar ese desgusto ao David... Xa ten de abondo.

ELVIRA: Corren malos tempos para andar con esas.

LOLA: A dignidade é o que nos queda.

(Silencio)

ELVIRA: Debes bautizar as nenas e mandalas á catequese. Elas fanse cristiás, e ti non dás que falar.

LOLA: Xa se verá. Tamén son fillas do David. Pensarémolo.

(Silencio)

ELVIRA: Propóñoche un trato.

LOLA: Deixe estar as cousas como están.

ELVIRA: Ti levas as nenas á doutrina e eu consigo que podas visitar ao David todas as semanas.

LOLA: Deixe, a ver se esta loucura acaba.

ELVIRA: Prométocho (*Pausa*) Son tres nenas, non é?

LOLA: Tres... E o pai, preso.

ELVIRA: Ben che chegan.

LOLA: Non me sobra ningunha.

ELVIRA: Tampouco che compren máis.

LOLA: Xa sabe... onde comen tres, comen catro.

(Pausa)

ELVIRA: Xa estarás de tempo.

LOLA: De oito.

ELVIRA: Arranxarei as cousas para que deas a luz no hospital.

LOLA: Non fai falta. Sempre parín na casa.

ELVIRA: Non digas bobadas.

LOLA: Nacerá como as irmás. Todos igual.

ELVIRA: E se che pasa algo, que será das nenas?

LOLA: Quédalle o pai.

ELVIRA: Na cadea.

LOLA: Non ten delito.

ELVIRA: Está detido.

LOLA: Cando toda esta loucura acougue, hano soltar.

ELVIRA: Ou si, ou non. Será o que Deus queira.

LOLA: (*Sáíndo*) Iso, quen o sabe!?!... Quen o sabe!?

ELVIRA: (*Recollendo e pregando os vestidos das nenas*). Será o que teña que ser... e, o que teña que ser, canto antes, mellor... E que sexa pronto... Deus o queira!

10.

(Entra Elvira, ritual de recibimento: bata...)

SANTIAGO: Increíble!

ELVIRA: O caso de David?

SANTIAGO: Vanlle abrir xuízo!

ELVIRA: Quedaríamos sen a criatura?

SANTIAGO: Cadea perpetua... Como moito!

ELVIRA: Con el vivo, imposible.

SANTIAGO: A Lola négase?

ELVIRA: Todo o aconsella con el. Xa me dirás...

SANTIAGO: Haberá que buscar a maneira.

ELVIRA: Por que non o mudades de penal?

SANTIAGO: Iso xa o temos decidido.

ELVIRA: Pois, non hai tempo que perder... A Lola está para pronto!

SANTIAGO: Con que pretexto o sacamos?

ELVIRA: E que falta vos fai?... Non es ti o xefe?

SANTIAGO: O protocolo, cubrir os papeis, alegar un motivo.

ELVIRA: Acercalo. A muller está para pronto.

SANTIAGO: Pode valer *(prepárase para saír. Ritual de Elvira de quitarlle a bata e poñerlle a chaqueta. Lustrarlle os zapatos)* Vou falar cos camaradas.

ELVIRA: Tédelo que sacar de contado. É a única posibilidade de levala a parir ao hospital.

SANTIAGO: Farei o que poda... *(Saíndo)* Sacarémolo antes de rematar a semana que entra. Prométocho.

11

ELVIRA PRENDE A RADIO SEN RUÍDO CLIK

(Elvira sintoniza a radio mentres coloca a bata e as zapatillas de Santiago. Colle o capazo da roupa e ponse a acariñar as pezas. escoita)

*Sintonizan el programa **Guía de la Madre** de RNE.*

Les habla el Padre Francisco de la Compañía de Jesús.

“Queridos oyentes: Hoy les voy hablar de la mujer sensual. La mujer sensual tiene

los ojos hundidos, las mejillas descoloridas, transparentes las orejas, apuntada la barbilla, seca la boca, sudorosas las manos, inseguro el paso y triste todo su ser. Su entendimiento se oscurece. Su voluntad pierde el dominio de los actos. Su memoria se entumece. Solo su imaginación permanece activa, llena de imágenes lascivas. De la mujer sensual no se ha de esperar trabajo serio, idea grave, labor fecunda, sentimiento limpio, ternura acojedora...”

LOLA: *(Entra)* Mandoume chamar?

ELVIRA: Para dicirche que mediei por ti.

LOLA: Por min?

ELVIRA: Por ti e por David.

LOLA: Ai, non! Non! O David déixeno en paz.

ELVIRA: É polo voso ben.

LOLA: Polo ben de todos, espero que esta loucura pase.

ELVIRA: O David vén para aquí.

LOLA: Queda libre? Sabíao. Non fixo nada!

ELVIRA: Non. Non é iso. Aínda non o van soltar.

LOLA: Logo é o outro!... Que che van facer, meu David!?

ELVIRA: Tráeno para o penal do seminario.

LOLA: *(De xeonllos)* Que non o saquen!... Que non o saquen! Píddollo polos seus mortos! Non o saquen!

ELVIRA: Para a semana que vén.

LOLA: Para a semana que vén!... Ai, meu Daviciño!... Onde o van deixar?

ELVIRA: No seminario. Xa cho dixen. No seminario.

LOLA: Poderano ver as súas filla?

ELVIRA: Poderán... E non ían poder?

LOLA: Dábamo o corazón!... Direillo á familia.

ELVIRA: Convén que non se airee.

LOLA: Sabiamos que tamén a nós nos podía pasar.

ELVIRA: Por se algo se torcese.

LOLA: Que trago tan amargo para nós!

ELVIRA: Lola, podes contar comigo.

LOLA: *(Saíndo)* Que vai ser destas criaturas!?

ELVIRA: Eu miro por ti e miro polos teus fillos. *(Pon a radio)*

ELVIRA PRENDE A RADIO SEN RUÍDO CLIK

Están a sintonizar “Escuela de hogar”: La mujer y la aguja. ¿Que haría una mujer sin su aguja? Con ella es como un hada: borda, teje, crea todas las fantasías de su imaginación... La aguja es la mejor compañera de la mujer...

(Entra Santiago. Elvira principia co ritual de recibimento. Santiago rexéitao)

SANTIAGO: Xa me vou. Só viña coller unhas cousas.

ELVIRA: Deberamos telo previsto.

SANTIAGO: Estaba ben organizado.

ELVIRA: Para ela foi un mal trago.

SANTIAGO: Quen ía pensar que iso lle podía provocar o aborto.

ELVIRA: Un caso así, pode.

SANTIAGO: Tampouco foi para tanto.

ELVIRA: Oíronse os disparos en todo o lugar.

SANTIAGO: Pois claro... como en todos!

ELVIRA: Ao romper o día!

SANTIAGO: A mellor hora... Está estudado.

ELVIRA: Cinco tiros, cinco!

SANTIAGO: Non había porque aforrar en munición. Tíña ben merecida.

ELVIRA: Pois, non a aforrastes... Como para anunciar unha festa.

SANTIAGO: Ramón tíñalle ganas.

ELVIRA: Nin que forades escoller o día!... Un día de feira!

SANTIAGO: O protocolo require propaganda.

ELVIRA: Pois tívoa. Arredor da súa casa xuntouse unha chea de xente. Antes de raiar o sol, a nova xa percorrera os termos do municipio.

SANTIAGO: Espectacular... Foi un éxito.

ELVIRA: Perdemos o neno.

SANTIAGO: Dous paxaros dun tiro.

ELVIRA: Como dous?

SANTIAGO: O pai e máis o fillo.

ELVIRA: O fillo vive. Só se adiantou o parto.

SANTIAGO: (*Sáíndo*) Entón, que problema hai?

ELVIRA: Eu xa me afixera á idea. Como llelo quitamos agora?... En que ambiente se vai educar ese neno?... Que vai ser del?... Se o educásemos nós sería un un patriota.

13

LOLA: (*Entra*) Que desgraza, dona Elvira, que desgraza!

ELVIRA: Acompáñote no sentimento.

LOLA: Por que?... Por que? Dona Elvira, por que?

ELVIRA: ... Un accidente lamentable.

LOLA: Non... Non foi un accidente... Non foi, non!

ELVIRA: É comprensible... a avaría... a escuridade... a curva...

LOLA: E eu?... Con tantos nenos e tan cativos!

ELVIRA: Deus aperta, pero non afoga... Confía nel.

LOLA: Que vai ser de nós!?

ELVIRA: Eu... ofrézoche a miña caridade.

LOLA: Eu serei nai e pai... E o que faga falta.

ELVIRA: Lola, mira que son moitas as criaturas. (*Pausa*) Lola, dáme o neno.

LOLA: Chamarase David. David como seu pai.

ELVIRA: Será o noso fillo.

LOLA: Criarase coas súas irmáns.

ELVIRA: Farémolo herdeiro universal.

LOLA: Uns arrimados aos outros.

ELVIRA: Será o mellor para todos.

LOLA: O mellor para nós... estarmos todos xuntos.

ELVIRA: A min Deus negoume os fillos.

LOLA: A vostede Deus non lle nega nada...

ELVIRA: Se ti es xenerosa comigo, eu tamén o vou ser contigo.

LOLA: Se fose nai sabería que un fillo non se pode dar.

ELVIRA: Que queres? Dime que queres.

LOLA: Ter as mans útiles para traballar.

ELVIRA: Dareiche canto necesites.

LOLA: Os fillos son todo canto necesito.

ELVIRA: Non sexas egoísta, quédanche tres.

LOLA: E necesítoos todos.

ELVIRA: Renuncia a el por amor. Se lle queres, dámo.

LOLA: Naceu do asasinato do pai. O seu pai vive nel.

ELVIRA: Eu presentareillo a Deus no altar.

LOLA: *(Saíndo)* Tamén do altar sae ese río de sangue.

14

(Entra Santiago cos camaradas Celestino, Ramón e Federico)

SANTIAGO: Elvira, temos que falar. Que ninguén nos enrede.

ELVIRA: ... Eu xa me vou, que me teño que ir.

SANTIAGO: Camaradas, os roxos están a se organizar. Eses foraxidos poden caer sobre calquera de nós. As mulleres dos depurados e as súas comadres forman a súa base loxística.

DON CELESTINO: Para os curas o perigo é evidente.

RAMÓN: Xa volo dicía eu, para os que dormen na mesma cama, o mesmo remedio.

FEDERICO: Si. Café para todos e problema resolto.

RAMÓN: Darlles café con chumbo! Con moito chumbo!.

SANTIAGO: Iso nín é posible, nin necesario.

RAMÓN: E alguhas nin pagan o tiro.

DON CELESTINO: O mellor, atraelas a nosa causa. Poderían sernos útiles.

RAMÓN: Quérennos meter o veneno nos pucheiros?

DON CELESTINO: Iso é. Facer do veneno medicina.

SANTIAGO: Imos ao caso que nos ocupa... Que facemos coa Lola?

RAMÓN: Esa puta roxa?... Pago eu as balas que fagan falta!

DON CELESTINO: Ramón, mellor cala. Ti és home de acción.

FEDERICO: Mantén unha actitude desafiante.

SANTIAGO: Está envelenada polas ideas do seu mancebo.

DON CELESTINO: E segue cos fillos sen bautizar.

SANTIAGO: É un caso que urxe resolver.

DON CELESTINO: É un elemento perigoso. Pero, sendo muller, non creo que sexa necesario eliminala. Pois, como di o apóstolo “*a cabeza da muller é o varón*”. Cortada a cabeza do home, acabáronse as ideas da muller.

FEDERICO: Puta comunista!... E dicir que foi a modista das nosas mulleres!

DON CELESTINO: A Lola segue a ter traballo de modista e mesmo mantén o obradoiro con dúas ou tres aprendices... Aí é onde lle hai que dar.

RAMÓN: Propoño facerlle unha visita.

DON CELESTINO: Boa idea... hai que meterlle a fame na casa; pero é insuficiente. Cómpre que a xente de ben se afaste dela e lle espirre na cara. Cando, para manter os fillos, teña que acudir á caridade cristiá, será o momento de ofrecerlle a nosa xenerosidade.

SANTIAGO: Se todos estamos de acordo, xa se encarga Ramón de facer o traballo.

RAMÓN: Ás túas ordes.

ELVIRA: *(Entra)* Xa se van?

SANTIAGO: Si. Ímonos

15

ELVIRA PRENDE A RADIO SEN RUÍDO CLIK

(Elvira colle o capazo da roupa do bebé e ponse a aquelala, mentres escoita a radio que vén de conectar)

Sintonizan el programa **Trazando Rutas Imperiales** de R.N.E.

Les habla el Ilustrísimo Sr. D. Ernesto Giménez Caballero, del Secretariado y del Consejo de Falange Española:

“¡Escuchaz bien esto y para siempre, muchachos españoles!
¡Quien de vosotros cambie su lengua española por la gallega u outro dialécto,
Dejará de ser español y cristiano!
¡Por traición contra España y pecado contra Dios!
¡Y tendrá que escapar de España!
¡Y cuando muera, su alma traidora se irá al infierno!”

(Entra Lola. Cabeza rapada e na fronte U.H.P.) Elvira colle a roupa de bebe e remexe nela.

ELVIRA: Por Deus, Lola, pareces un ecce homo!

LOLA: Que mal lles fixen eu a eles!?

ELVIRA: Tráesme o vestido?

LOLA: Dígame... Que mal lles fixen!?

ELVIRA: Necesítooo para a recepción.

LOLA: Tiña o presentimento de que ían vir por min!

ELVIRA: Vén xente importante.

LOLA: E vaia se viñeron... Esta mesma noite!

ELVIRA: Muller... Eu págoche ben.

LOLA: Visitáronme don Ramón Salgueiro e a súa camarilla.

ELVIRA: Que che quería o Ramón?

LOLA: Non sabe como son as súas visitas?

ELVIRA: O Salgueiro non é un mal home.

LOLA: Atila, dona Elvira. Peor que Atila!

ELVIRA: Tería un momento de xenio.

LOLA: Mala lei, dona Elvira, mala lei é o que ten!

ELVIRA: E que foi o que pasou?

LOLA: Xa llo estou a dicir, dona Elvira, pasou Atila. Atila cos bárbaros, iso foi o que pasou... O que lles valía, levárono, mesmo as súas teas. O que non lles valía esnaquizárono... Non quedou nada! *(Pausa)* Agora, de que vou vivir?... Os meus nenos! *(Pausa)* ... Dona Elvira, os meus nenos... Que vai ser deles?

(Pausa)

ELVIRA: Dáme o neno a min e a ti non che faltará de nada.

(Pausa) **POÑEMOS MÚSICA DE MEDO**

LOLA: Non. Non deixarei que ningún dos nosos fillos se críe sen o meu cariño. É o único sustento que lles podoo dar.

(Silencio)

ELVIRA: Aínda así, vou ter caridade contigo. Ofrézoche traballo na miña casa.

LOLA: Na súa casa?

ELVIRA: Ocuparaste dos labores domésticos.

LOLA: E que fago cos nenos?

ELVIRA: Pagareiche un xornal.

LOLA: Vou mirar se me apaño.

ELVIRA: Lola, agárrate á miña man... Non ves que cha estou a ofrecer?

LOLA: Sairemos adiante, sairemos.

ELVIRA: Pénsao, Lola, pénsao ben... Poderíante levar presa.

LOLA: Polo que máis queira!

ELVIRA: Os nenos terían que ir ao hospicio. *(Pausa)* Traballando na nosa casa estarías a salvo.

(Pausa)

LOLA: Dona Elvira farei o que vostede queira.

ELVIRA: Pois xa está. *(Pausa)* Don Celestino necesita que alguén se ocupe do coidado do templo... Desa maneira todos te respectarán.

LOLA: *(Saíndo)* Que Deus llo pague, dona Elvira, que Deus llo pague!

QUITAMOS MÚSICA DE MEDO

ELVIRA: Nada. Dáo por feito. Ti ben mereces iso. Iso e moito máis!

16

(Entra Santiago. Elvira intenta facer o ritual de recibimento. El rexéitao)

SANTIAGO: Quita, quita de aí!

ELVIRA: Que che pasa?

SANTIAGO: Nada. Non me pasa nada. A que vén esa pregunta?

ELVIRA: Traes mala cara... E ese xenio...

SANTIAGO: Esa obsesión túa irítame... Pousa dunha maldita vez eses trapos de nenos!

ELVIRA: Pódennos facer falta.

SANTIAGO: Convécete de que ti non, coño! ... Ti, non!

ELVIRA: Nunca se sabe.

SANTIAGO: Acéptao xa e deixa de facer o ridículo! *(Bebe un trago de Felipe II)*
(Pausa) Vai haber movementos.

ELVIRA: Conta, conta.

SANTIAGO: As ordes veñen de arriba.

ELVIRA: A información é segura?

SANTIAGO: E tan segura, vén polo partido.

ELVIRA: Ti es o Mandamáis.

SANTIAGO: Na provincia... Fora dela... un ninguén!

ELVIRA: Aquí, onde vivimos, que é o que nos importa.

SANTIAGO: Non, no partido. No partido é onde importa.

ELVIRA: Todos quitan o sombreiro diante de ti. Todos se poñen ás túas ordes. Todos che dan as novidades. Que máis queres?

SANTIAGO: Se non te sitúas preto de Franco non es ninguén.

ELVIRA: Ti coñeces a Ramón Serrano e a José Luis Arrese.

SANTIAGO: De vista. Somos camaradas... Non hai amizade.

ELVIRA: As amizades gáñanse. *(Silencio)* Podías dedicarlle unha praza co seu busto: "Praza de Ramón Serrano Súañer"... Imaxínalo?

SANTIAGO: Non sei se sería prudente.

ELVIRA: Os honores a todo o mundo lle saben ben.

SANTIAGO: Igual non é mala idea.

ELVIRA: Así vaste acercando a Franco.

SANTIAGO: E se as cousas se torcen?

ELVIRA: Fuches dos primeiros en responder ao Glorioso Alzamento.

SANTIAGO: Non son pai de familia.

ELVIRA: Iso ten remedio. Confía en min.

SANTIAGO: Non vexo como... Torceuse o do David.

ELVIRA: A Providencia divina maniféstase de formas pouco previsibles. escoita o que che vou contar. Mira, Abram. Ao patriarca Abram Deus prometeulle unha descendencia numerosa. Pois, como che digo, o patriarca Abram estaba casado cunha muller estéril, como che pasa a ti, a Sara. A Sara quería darlle fillos a Abram, pero non podía. E tivo unha idea. Díxolle ao seu home: Oes Abram, entra na miña escrava, a ver se por ela Deus nos concede descendencia. Fíxolle caso Abram e a escrava preñou e pariu un fillo. *(Pausa)* Que che parece da Lola?... É unha muller sá e ben feita. Os seus fillos son fortes e espelidos. Podería darnos unha boa cría.

SANTIAGO: Estasme a dicir que eu...? Esa roxa vai saber por fin o que é un home de verdade!

(Escurece)

MARCHAN

17 (Igrexa)

Sona “*El trece de maio*” e a estrofa:

13 de maio
escoitase

*“La moda os lleva
al fuego infernal
vestid con decencia
si os quereis salvar”.*

(Lola vai saíndo da penumbra. Está a preparar o caldeiro da limpeza)

DON CELESTINO: *(Míraa e fálalle)* Lola, ti necesitas...

LOLA: Lixivia. Necesito lixivia.

DON CELESTINO: Bautizar os fillos...

LOLA: Ai, como está esta Igrexa!

DON CELESTINO: Ti es cristiá... Estás bautizada.

LOLA: Como vou quitar esa merda vella!

DON CELESTINO: Pero os teus fillos...

LOLA: Haberá que deixala amolecer.

DON CELESTINO: Viviades arrimados.

LOLA: Con auga, lixivia e tempo ha amolecer.

DON CELESTINO: Un roto e un descosido.

LOLA: E veña rañar e rañar...

DON CELESTINO: *(Cabreado)* Responde ao que che falo. *(Silencio)*

Estabas amancebada... Pecadora pública!

LOLA: Asinamos un contrato na Casa do Concello.

DON CELESTINO: O herexe, o proxeneta e a rameira... todos igual!

LOLA: Arrédese un pouco, pódeo lixar a lixivia!

DON: DON CELESTINO: Os tres, carbóns do inferno!

LOLA: É o que ten a lixivia... no branco, limpa; no negro mancha.

DON CELESTINO: Pecadora! Recoñece que es pecadora!

LOLA: Modista. Son modista e cociñeira e limpadora... E desgraciada... sobre todo desgraciada.

DON CELESTINO: E muda de vida.

LOLA: Que máis quixera eu que mudar de vida...

DON CELESTINO: Quero verte o domingo cos fillos.

LOLA: Sen unha hora de descanso.

DON CELESTINO: Na misa das doce.

LOLA: Nin un prato de caldo quente, nin un mandil de abrigo.

DON CELESTINO: Que nome lle vas poñer?

LOLA: Fame, frío e miserias.

DON CELESTINO: Un nome do santoral católico.

LOLA: Son os nomes da miña vida.

DON CELESTINO: Un nome para os teus fillos.

LOLA: Os meus fillos xa teñen nome. Cada un, o seu.

DON CELESTINO: *(Saíndo)* Nomes de bastardos!

LOLA: Nome propio... cada un o seu nome propio... *(Pausa)* *(Monologa mentres transforma o escenario na casa de Elvira)* Aurora, a luz que abre o día. Iris, todas as cores coas que a luz pode brillar. Rosa, o amor na natureza. A man que ofrece unha rosa non agarra o fusil. E David. David, a liberdade, esa estrela, que, mil veces asasinada, segue a nos mostrar o camiño. David, como o seu pai que non chegou a ver... Os bárbaros esmagaron a nosa esperanza.

18 *(Casa de Santiago e de Elvira.*

(Aparece Elvira)

ELVIRA: Lola, queres rezar comigo? Deus te salve Reina y Madre de misericordia, vida dulzura y esperanza....

LOLA: Levo o traballo atrasado.

(Silencio)

ELVIRA: Andas inqueda por moitas cousas. Só unha é necesaria. Dío o evanxeo. Si, o evanxeo de San Lucas.

LOLA: A Daviciño estanlle a nacer os dentes...

(Silencio)

ELVIRA: Ti xa es como da casa.

LOLA: Os nenos cando lle están a saír os dentes non dan acougo.

ELVIRA: Santiago e máis eu... por ti... A man no lume, vamos... que ti para nós...

xa che digo como da familia.

LOLA: Non peguei ollo en toda a noite.

ELVIRA: Agora vouche pedir que fagas algo por nós.

LOLA: Xa sabe que pode contar comigo.

ELVIRA: É algo... como che diría eu?... Algo íntimo ... delicado.

LOLA: Estou para servila no que poda.

ELVIRA: Sabes canto desexamos un fillo.

LOLA: Compréndoo. É natural.

ELVIRA: A min Deus non mos concede.

LOLA: Non desespere. Aínda está en tempo.

ELVIRA: Deus quere que os busque por outros camiños.

LOLA: Esas son cousas de vostedes... eu nin entro nin saio.

ELVIRA: Dos camiños de Deus ninguén queda fóra.

LOLA: Non sei... Pode ser.

(Silencio)

ELVIRA: Deus quere que teñas un fillo para nós.

LOLA: Que ocorrencias ten Deus!

ELVIRA: Debemos obedecer os seus designios.

LOLA: Voulle pasar o ferro á roupa antes que se reseque.

ELVIRA: Agora aténdeme... Isto é máis importante.

LOLA: Mande.

ELVIRA: Ti estarías disposta a facernos ese favor?

LOLA: Señora, non estará a falar en serio?

ELVIRA: Serás ben recompensada... mellor do que imaxinas.

LOLA: Non ve que iso non ten pés nin cabeza!

ELVIRA: Unha servidora fiel fai o que lle pidan.

LOLA: Por favor, dona Elvira, non me comprometa.

ELVIRA: Só te comprometes a cumprir a vontade de Deus.

LOLA: Dona Elvira, que estou viúva e teño catro churumbeles.

ELVIRA: Fortes, sans e espelidos.

LOLA: Que comen como limas e non me dan descanso.

ELVIRA: Déixao nas miñas mans.

LOLA: Estou disposta a servila en todo... ben o sabe ... Pero iso non mo debía pedir... Non. Imposibles, non.

MÚSICA DE MEDO

ELVIRA: Pídocho a ti porque es unha muller de confianza... unha boa nai... E porque cho merecemos... Se queres, pódelo facer... Non che pido a lúa.

LOLA: Señora, eu agradecida estoulle... e como non lle ía estar? Pero hai cousas e cousas... E non me diga que...

ELVIRA: Non recordas de que situación te quitei? Es unha mal nacida! Que sería de ti se eu non tivese caridade contigo? Andarías a facer a rúa... Quizabes te matase unha enfermidade desas coas que Deus castiga o vicio... Quizabes estiveses na prisión... E todo iso aínda che podería... Dáste conta do que che pode pasar se eu non te protexo?...

LOLA: Por Deus, dona Elvira, non me obrigue.

(Pausa)

ELVIRA: Pensaba sacarte de servir. Pensaba poñerche un obradoiro mellor do que tiñas. Pensaba encargarche a costura da Sección Feminina... Que lle imos facer?... Terei que buscar outra e esquecerme de ti... Non tardarei en atopar outra.

LOLA: Polos seus defuntos! ...

ELVIRA: Xa me ofreceron máis dunha... E con bos informes.

(Silencio tenso)

LOLA: Farei o que vostede diga!

ELVIRA: Eu non podoo ter fillos, pero Santiago, si.

LOLA: Don Santiago!? *(Saíndo)* Ai, quen puidera morrer!

ELVIRA: A criatura levará sangue noso. Se é varón chamarase José Antonio e se é muller, Teresa.

LOLA: *(Saíndo. Fala consigo)* Ai meu Daviciño... polas que teño que pasar... A tí foiche mellor do que me vai a mñ... Mellor, David, moito mellor.

QUITAMOS MÚSICA DE MEDO

19 e 20

(Entra Santiago)

SANTIAGO: Qué?

ELVIRA: Si, accedeu. Que alívio! Por fin as cousas vanse encamiñando. Vou á igrexa darlle grazas a Deus e poñerlle unha vela a Santo Antón

. *Sérvese unha copa. (Santiago sintoniza a radio* *Escoita.)*

“Hoy han sido fusiladas en el cementerio de la Almudena las trece mujeres condenadas en juicio sumarísimo por el delito de adhesión a la rebelión y actividades terroristas clandestinas...

Se suceden los tumultos de obreros y las manifestaciones y protesta de estudiantes. Los profesores Aranguren, Tierno Galván y García Calvo fueron separados de sus cátedras.... **SIGUE SONANDO 20**

SEGUNDOS

TERESA: *(Entra. Seca e tallante)* Papá, vou casar.

SANTIAGO: Boneca, ese tema xa quedou claro.

TERESA: Santiago, seino todo.

SANTIAGO: Non hai nada que saber... E non me faltes ao respeito!

TERESA: Sei todo. O de David, o da Lola. Todo.

SANTIAGO: Que mentiras che contou esa mala pécora?

TERESA: Es un canalla!

SANTIAGO: Nunca confiei nesa pendanga.

TERESA: Pero ben que te aproveitaches dela!

SANTIAGO: Arrastrada como unha cobra, sempre tivo sede de vinganza. Á primeira, levantou a cabeza para morder con todo o veneno que tiña gardado. *(Silencio)* Xa o sabes. Sodes irmáns. Non podes casar co David!

TERESA: Medio irmáns! Somos medio irmáns. Iso non será impedimento para nós, como non o foi nunca nin para os deuses nin para os reis!... Casaremos!

SANTIAGO: Non casaredes!

TERESA: Quen nolo vai impedir!?

SANTIAGO: Será por encima do meu cadáver!

TERESA: Moi ben!

Síntese un tiro de pistola.

Fin